

DECRETO NÚMERO 12005992

Ilma. Sra. Dona Sonia Méndez García, Tenenta Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación.

Instruído expediente relativo a **DESIGNACIÓN DOS MEMBROS QUE FORMARÁN PARTE DO COMITÉ DE EXPERTOS PARA A VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACION DA SUBMINISTRACION E IMPLANTACION DUN SISTEMA DE VIRTUALIZACION E COPIA DE SEGURIDADE DO CONCELLO DE LUGO.**

Examinado o expediente de referencia e vistos:

1.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen na contratación da subministración e implantación dun sistema de virtualización e copia de seguridade no Concello de Lugo.

2.- Cláusula décimo primeira e décimo segunda do citado prego no que se detalla que para a valoración dos criterios de adxudicación relativos á proposta técnica a e tendo en conta o sinalado no artigo 150 do TRLCSP, deberá constituírse un comité formado por expertos na materia non integrados no órgano propoñente do contrato que serán que serán tres técnicos competentes do Concello de Lugo ou, se non fora posible, por tres profesionais con coñecementos na materia, ó que corresponderá a avaliación das proposicións conforme ós criterios sinalados.

Os membros do comité serán designados por resolución da Concelleira Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación e que será dictada e publicada no perfil do cotnratante con carácter previo á apertura da documentación incluída no sobre A.

En uso das atribucións que me estan conferidas en virtude do acordo nº 2/444 da Xunta de Goberno Local de 27 de xuño de 2011 **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Designar para formar parte do comité de expertos para a valoración da proposta técnica do sobre B para a **SUBMINISTRACION E IMPLANTACION DUN SISTEMA DE VIRTUALIZACION E COPIA DE SEGURIDADE DO CONCELLO DE LUGO**, ás seguintes persoas:

- Don Jorge Villar Álvarez, xefe do servizo de sistemas de información do Excmo. Concello de Ourense.
- Don Antonio Villanueva Guimeráns, técnico de sistemas do Excmo. Concello de Vigo.
- Don Eduardo Otero Pardo, responsable de informática do Excmo. Concello de Viveiro.

CONTRATACIÓN,PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Refª: 1342165370689.doc

Asunto:

SEGUNDO.- Publicar este Decreto no perfil do contratante do Concello de Lugo.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución aos interesados así como ás dependencias e servizos municipais afectados coa indicación de que esta pon fin á vía administrativa e que contra ela poden interpoñer-se os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

- Non obstante o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante o órgano competente, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recurso de reposición (artigo 116.2 da Lei 30/92).

Cúmprase.